


Resumo anual de actividade de 2024

Xunta de Goberno:



Presentación

Neste documento queremos recoller a actividade a destacar que desenvolveu a Xunta de Goberno do COPG ao longo deste ano e que fomos adiantando nos distintos soportes de comunicación do COPG.

É preciso lembrar que boa parte deste traballo institucional se fai en estreita colaboración coas Comisións de Ética e Deontoloxía e de Defensa da Profesión, as seccións de Psicoloxía e Saúde, Psicoloxía Educativa, Psicoloxía Xurídica, Psicoloxía da Intervención Social e Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE), o Grupo de Tráfico e da Seguridade, as Comisións Intersectoriais de Mediación, Feminista e de Deporte. Trátase dun avance de toda a información que se recollerá puntualmente na Memoria Anual de 2024 do COPG.

Un ano máis, constatamos o crecemento continuado da colexiación. Neste momento achegámonos aos 3.900 colexiados e colexiadas en activo, ao que temos que sumar case un centenar de compañeiros e compañeiras que continúan vinculadas na figura de colexiado xubilado ou xubilada, o que aproxima a 4.000 profesionais membros do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Comprobamos que a profesión se atopa nun momento de afianzamento, tanto como profesión recoñecida, como tamén a nivel de disciplina científica. Esta consolidación vén dun labor continuado desde hai moitos anos de moitos profesionais da psicoloxía que con responsabilidade e rigor na súa práctica individual, na investigación e na acción colectiva do COPG foron construíndo a psicoloxía profesional en Galicia.

A nosa profesión continúa tamén afianzando o seu lugar na sociedade. Para o COPG isto é moi importante, porque nos permite afianzar o salto da psicoloxía da sociedade: no ámbito sanitario, educativo, comunitario, xudicial, organizacional...

1. Relacións coa Administración Pública

No referente ás relacións coa Administración galega, continuamos a denunciar a infradotación de recursos para atender as necesidades de atención psicolóxica que desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Esta carestía nos servizos públicos véñese arrastrando tras décadas de investimento moi inferior ao imprescindible en saúde mental e psicoloxía, e agravouse nos últimos anos nos que moitas persoas viron como empeoraban as súas condicións de vida e se incrementaba o seu sufrimento. Por iso, a atención psicolóxica na Sanidade, na Educación e nos Servizos Sociais Comunitarios é imprescindible que estea garantida e accesible, cuns tempos razoables. Todo isto foi trasladado aos nosos representantes públicos nos diferentes encontros que mantivemos.

Coa **Consellería de Sanidade**, mantívose unha xuntanza co **Conselleiro**, onde se lle trasladou a urxencia de que a atención psicolóxica se amplíe e implemente en toda a Atención Primaria. De acordo coas nosas estimacións, é imprescindible a incorporación de 100 psicólogos e psicólogas especialistas en Psicoloxía Clínica no sistema sanitario para dar a atención mínima esixible. Tamén expresamos a nosa preocupación polo próximo Plan Galego de Saúde Mental, xa que o actual vence este ano, e cómpre traballar coa nosa profesión para recoller adecuadamente a planificación relativa á psicoloxía clínica.

Nesta convocatoria de Formación Especializada, en Galicia ofrécense por primeira vez 15 **prazas PIR**, se ben continuamos a demandar que se incrementen, xa que se está perdendo unha oportunidade de capacitación cando estamos a ter dificultade para cubrir a demanda de profesionais.

Tanto nesta entrevista co Conselleiro de Sanidade como noutros encontros con responsables deste departamento, explicamos as que deben ser prioridades para a Administración Sanitaria:

- A implantación en todo o territorio de Psicoloxía Clínica en **Atención Primaria**,
- A creación de **servizos propios de Psicoloxía Clínica**, ou cando menos, que deixen de ser Servizos de Psiquiatría e pasen a ser Servizos de Saúde Mental.
- A incorporación de **máis profesionais** ás unidades de Saúde Mental, que están saturadas.
- A ampliación das **prazas PIR**.
- O apoio á **especialidade de Psicoloxía Clínica Infanto-Xuvenil**.

No tocante á **Consellería de Educación**, tamén se lle trasladou en diversas ocasións a preocupación pola saúde mental e o benestar psicolóxico da poboación infanto-xuvenil, especialmente dos e das adolescentes. Desde o COPG manifestouse que é inadmisíbel que se considere a súa atención psicolóxica como un asunto estritamente sanitario. Problemas que chegan a Sanidade porque non foron atendidos nun momento temperán e no seu propio contexto, e que reciben unha resposta insuficiente, polo que se lles insiste en que a figura apropiada para dar esa atención é a da psicóloga e psicólogo educativo.

Coa **Vicepresidencia Primeira da Xunta de Galicia** mantemos relación a través da **Dirección Xeral de Emerxencias** e Interior renovamos o convenio para o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG, o GIPCE; así como o convenio de colaboración na emisión de informes periciais psicolóxicos, como apoio puntual para desfacer a saturación nas diferentes sedes do IMELGA; e, finalmente, outro acordo para continuar co programa para a atención psicolóxica a Deportistas Galegos de Alto Nivel (DGAN), que inclúe atención de tipo sanitaria e tamén de psicoloxía deportiva. Desde o COPG colaboramos tamén a través da **Secretaría Xeral de Deporte da Xunta de Galicia**, onde o Colexio forma parte da Comisión Galega de Control da Violencia.

Coa **Consellería de Política Social e Igualdade**, renovamos un ano máis os convenios para os programas de atención psicolóxica especializada en violencia de xénero: o Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX) e do Programa "Abramos o Círculo".

Neste ano tivemos que solicitar novamente unha addenda porque no verán esgotouse o crédito previsto para as intervencións, pola importante demanda que sostén o Programa de Atención á Vítimas.

Tamén se asinou de novo o convenio para o servizo da Quenda de garda psicolóxica especializada e permanente para a intervención en violencia de xénero, á petición dos corpos e forzas de seguridade, que constitúe un importante recurso e que estamos optimizando o seu funcionamento para adaptalo mellor ás demandas que recibimos.

E nesta mesma Administración, o COPG continúa a integrar o Observatorio Galego da Violencia de Xénero, ademais do do Consello Galego do Benestar Social da Xunta de Galicia.

Así mesmo, mantense en vigor o convenio de colaboración co **Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)**, da Consellería de Emprego e Igualdade.

A **nivel municipal**, continuamos cooperando con distintos concellos.

Co **Concello de Santiago de Compostela** colaboramos en distintos eidos:

- No Consello Municipal da Saúde
- Na Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, e nas Comisións dependentes de Prevención e educación en valores de igualdade, e na de Coordinación das Intervencións e Seguimento.
- No Plan de Mobilidade Urbana Sostible.

Co **Concello da Coruña** coláborase en dous consellos municipais:

- O Consello Sectorial de Inclusión Social.
- O Consello Local da Saúde.

No **Concello de Monforte** formamos parte do Consello de Saúde.

Neste 2023, a Xunta de Goberno continuou coa **campaña de reunións nos concellos**, para visibilizar a necesidade de garantir a atención psicolóxica á súa comunidade, tanto no eido municipal como para que a reclamen á Administración autonómica, como as que mantivemos coas alcaldías do Concello de Malpica de Bergantiños (A Coruña) e de Tomiño (Pontevedra).



2. Relacións con outras entidades

2.1. O COPG e Consejo General de la Psicología

- Asistencia ás distintas reunións de **Junta de Gobierno** e de **Junta General** do Consejo General de la Psicología.
- Participación nas distintas **áreas** e **divisións** a través das persoas representantes.
- Constitución de **comisións de valoración** para as **acreditacións profesionais** que expide o Consejo General de la Psicología.

2.2. Colaboramos con **outros colexios profesionais**. Continuamos coa colaboración iniciada o ano pasado co Colexio de Licenciados de Educación Física, con quen celebramos unha nova xornada interprofesional.

2.3. Formamos parte de **Unión Profesional de Galicia**, que agrupa 40 colexios e representa a máis de 65.000 profesionais. Desde 2016 a decana exerce a vicepresidencia da súa xunta directiva.

Como cada ano, elaborou unha guía de peritos que se distribúe en todos os xulgados galegos, na que tamén se inclúe os psicólogos e psicólogas que forman parte da listaxe de periciais do COPG, así como os mediadores e mediadoras do Rexistro de Mediación do COPG.

Unión Profesional de Galicia convoca os Premios a profesionais colexiados pola súa excelencia na práctica e en recoñecemento á súa traxectoria, que nesta edición recaeu na colexiada Ana Isabel Martínez Arranz.

2.4. Mantemos tamén a colaboración coa **Universidade de Santiago de Compostela**, máis estreitamente coa **Facultade de Psicoloxía**.

Un ano máis, a Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG impartiu o Módulo de Ética e Deontoloxía para o alumnado de Practicum de 4º curso de Grao de Psicoloxía no marco dun convenio asinado polo COPG coa Facultade de Psicoloxía da USC. Ademais, estamos colaborando con distintas

formacións dos másters, tanto o de Psicoloxía Xeral Sanitaria, como o de Psicoloxía, na especialidade de Intervención Social e Comunitaria.

Por outra banda, entre os días 19 e 22 de febreiro, tivo lugar a sexta edición de **Tempo da Psicoloxía**, organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. O tema central desta edición foi “Unha ollada sobre o suicidio”.

Tempo da Psicoloxía pretende ser un foro de reflexión, de carácter divulgativo, no que a psicoloxía, como profesión e como disciplina científica, dialogan con outros axentes sociais sobre temas de interese para a cidadanía. Cada día, de media, unha persoa morre por suicidio en Galicia, que é a expresión máis grave da desesperanza nas persoas, polo que se escolleu tratar esta problemática desde distintos enfoques como a intervención, o apoio e a atención na infancia e adolescencia. Con 340 persoas falecidas por suicidio en 2022, Galicia ostenta a segundo lugar entre o conxunto das Autonomías con maior taxa de morte suicida, a seguir de Asturias, Ademais, as condutas autolíticas son a primeira causa de morte entre a mocidade de 20 a 25 anos. A comunidade científica, entre ela a Organización Mundial da Saúde, apuntan a que o suicidio pode previrse, e tense fixado o horizonte do 2030 para reducir un terzo o número de falecementos por esta causa no mundo, se ben na nosa Comunidade permanece estable arredor desta cifra desde que temos rexistro. Por este motivo, tentouse abordar esta problemática social e de saúde pública desde a óptica sanitaria, educativa e comunitaria.

2.5. Coa **Universidade de Vigo** rematamos co curso escolar o convenio para soste un servizo de apoio psicolóxico ao alumnado desta universidade, coa finalidade de que aqueles estudantes que tivesen problemas que afecten ao seu rendemento académico ou á súa integración social na comunidade universitaria poidan recibir apoio psicolóxico para poder integrarse facilmente no ámbito académico.

2.6. Formamos parte do **Movemento Galego da Saúde Mental**, unha plataforma respaldada por máis de 400 entidades, profesionais e usuarios e usuarias da Saúde Mental.

2.7. Tamén colaboramos con outras entidades:

- Coa **Asociación de Empresas das Artes Escénicas** asinamos un convenio de colaboración, para colaborar no marco «Protocolo para a prevención e actuación en casos de acoso sexual por razón de sexo ou xénero nas artes escénicas»;
- Formamos parte da plataforma **SOS Sanidade Pública**, e estamos a participar activamente nas súas actividades para defender unha mellor atención á saúde, incluída a saúde mental, xunto con outros colectivos profesionais.
- Continuamos coa colaboración coa **Confederación de Empresarios da Coruña e de Lugo** a través de senllos convenios de colaboración.
- Coa **Asociación de Psicólogos Clínicos do SERGAS**, con quen colaboramos estreitamente na reivindicación de melloras na atención á saúde mental no Servizo Galego de Saúde.
- Mantemos convenios de colaboración coa **Fundación Meniños**, coa **Federación Galega de Dano Cerebral**, **FEGADACE**, **Asociación Down Galicia** e coa **Asociación Galega de Terapia Familiar**.

En canto á **Comisión para a Defensa da Profesión**, no que vai de ano iniciáronse 12 expedientes por intrusismo profesional. Estes expedientes deron lugar a actuacións coas propias persoas denunciadas, ou tamén a través das administracións públicas, como o IMELGA ou ante a Inspección Sanitaria.

3. Actividade colexial

I Congreso Nacional de Psicoloxía de Emerxencias “Sostendo as emocións na emerxencia”

O I Congreso Nacional de Psicoloxía de Emerxencias, “Sostendo as emocións na emerxencia”, celebrouse entre o 2 e o 4 de maio en Santiago de Compostela e reuniu a máis de 400 participantes procedentes de todo o conxunto do Estado. Este importante encontro pechou coa reivindicación da integración deste tipo de profesionais nos dispositivos de emerxencias das Comunidades Autónomas.

Organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, o Congreso foi o maior encontro estatal sobre atención psicolóxica en situacións críticas. Neste encontro, púxose de manifesto que a Psicoloxía de Emerxencias non se limita só á atención psicolóxica a persoas afectadas por unha situación de crise, emerxencia ou desastre, senón que tamén ten un papel importante na prevención (como por exemplo, no caso da conduta suicida), na concienciación social (para evitar condutas de risco, entre outras casuísticas) e incluso na investigación, onde se fixo fincapé no amplo campo para realizar estudos que amplíen a base científica neste eido.

A Psicoloxía de Emerxencias revélase como unha rama da Psicoloxía cun papel moi importante no afrontamento das crises derivadas de diversas situacións: desastres naturais, accidentes, violencia de xénero, suicidios consumados, mortes de menores.... E, polo tanto, faise necesaria a profesionalización e a integración dos profesionais da Psicoloxía de Emerxencias dentro dos dispositivos de atención á emerxencia e nos Plans de Emerxencias Territoriais de cada comunidade autónoma.

O programa científico abordou unha ampla gama de temas, desde a terapia EMDR ata a atención ao continuo suicida, pasando polas intervencións psicolóxicas en emerxencias multinivel, os aspectos legais da intervención psicolóxica e a teoría do apego e a neurociencia en situacións de crise. As conferencias e os simposios foron complementados por visitas a institucións como a Axencia Galega de Emerxencias

(AXEGA) e momentos de *networking* que permitiron o intercambio de coñecementos e experiencias entre os e as profesionais asistentes.

Ao longo do congreso, quedou patente a relevancia da psicoloxía en contextos de crise e a necesidade de seguir avanzando na formación e investigación neste ámbito.

Achegas de Psicoloxía

Celebramos no formato habitual o encontro Achegas da Psicoloxía, no Pazo do Mosteiro (Tomiño, Pontevedra), que supuxo, como cada ano, un encontro para os profesionais: unha celebración da profesión e unha oportunidade de reiterar a importancia do papel que cumpre a psicoloxía en todos os eidos da sociedade.

Neste acto fixemos entrega do premio Dolores Llópiz, Psicoloxía e Sociedade, que nesta ocasión foi outorgado á deportista **Verónica Boquete**, polo seu lonxevo compromiso coa igualdade desde o deporte, así como pola posta en valor da psicoloxía neste ámbito e en xeral na sociedade, reivindicando vencer os tabús que rodean os problemas da saúde mental e o acceso a unha atención profesional.

Tamén se lle fixo entrega da distinción como Colexiado de Honra a **Xabier Macías Virgós**, e o recoñecemento aos colexiados e colexiadas que levan 25 anos no COPG.

Ademais, fíxose entrega dos primeiros **recoñecementos colexiais** cos que se pretende distinguir aqueles compañeiros e compañeiras polas súas achegas ao desenvolvemento do noso Colexio.

Tamén se fixo entrega dos **III Premios Xoán Vicente Viqueira de Comunicación**, do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que naceu coa intención de impulsar a psicoloxía na sociedade fronte a pseudoterapias e pseudociencias.

Formación

No programa de formación do COPG celebráronse unha trintena de cursos, no que se procurou manter ambas modalidades de formación (presencial e online), cunha participación de máis de 1.250 colexiados e colexiadas.

Tamén celebramos a boa acollida do Ciclo de Experiencias Compartidas, Falamos, polo cal se ofrece cada primeiro xoves de mes un webinar impartido por unha persoa colexiada no que presenta algún tipo de comunicación, un libro, caso clínico, programa, etc.

Ademais, celebrouse a I Xornada de Psicoloxía e Saúde e Psicoloxía Educativa baixo o título «Facendo encontro, tecendo rede» na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) en Santiago de Compostela. Este evento reuniu a profesionais da psicoloxía, educación e saúde para abordar os desafíos da saúde mental na infancia e adolescencia e para fomentar redes de apoio interprofesionais.

A xornada celebrouse nun contexto de gran preocupación pola situación da saúde mental entre a mocidade, tras coñecerse os datos alarmantes dun informe de UNICEF España e a Universidade de Sevilla que indicaba que o 41 % dos adolescentes en España experimentou ou creu experimentar problemas de saúde mental no último ano. Ante esta situación, a xornada buscou ofrecer un espazo de reflexión e propostas para reducir o estigma e promover un diálogo aberto sobre a saúde mental.

A xornada presentouse coma un espazo de debate no que se fixeron propostas para fortalecer a cooperación entre os distintos axentes implicados na saúde mental e educación, destacando a importancia de continuar traballando en rede para garantir un apoio efectivo á mocidade con problemas de saúde mental.

Premio “Lazo Violeta” do Concello de Marín

O dispositivo da Quenda de Garda Psicolóxica Especializada en Violencia de Xénero do COPG recibiu o Premio “Lazo Violeta” do 2024 do Concello de Marín. Este municipio decidiu por unanimidade outorgar o Premio Municipal “Lazo Violeta” do ano 2024, destacando o labor e dedicación na atención urxente en casos de violencia de xénero e a inestimable coordinación cos servizos que traballan neste campo.

Campaña cos colexios profesionais de farmacia para combater os trastornos da conduta alimentaria

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia participou nunha campaña de sensibilización liderada polos colexios oficiais de farmacéuticos/os galegas/os para combater os trastornos da conduta alimentaria, unha problemática que afecta a 1 de cada 10 mozos e mozas. A colaboración céntrase na creación de materiais divulgativos baseados en evidencia científica e dirixidos a familias, profesionais da educación e da sanidade, como unha serie de vídeos divulgativos para plataformas como TikTok e outros medios dixitais, onde psicólogos/as, farmacéuticos/as e outros/as expertos/as abordan sinais de alerta, mitos arredor da alimentación e pautas para unha prevención efectiva.




4. Alegacións e achegas

Presentáronse alegacións aos concellos da Coruña e Burela, polas convocatorias de prazas, así como á Dirección Xeral de Función Pública da Xunta de Galicia.

En canto a **comunicados e manifestos**, en 2024 difundimos:

- Día Europeo da Mediación.
- Día Internacional de toma de conciencia do abuso e do maltrato na velez.
- Día Mundial do Benestar Mental para Adolescentes.
- Día Internacional da Muller.
- Día Mundial da Saúde.
- Día Mundial da Seguridade e da Saúde no Traballo.
- Día Mundial para a Prevención do Acoso Escolar.
- Día Internacional dos Recursos Humanos.
- Día Mundial para a Prevención do Suicidio.
- Día Mundial da Saúde Mental.
- Día das Vítimas de accidentes de Tráfico.
- Comunicado en solidariedade coas vítimas da DANA do 29 de outubro.
- Día Internacional pola Erradicación da Violencia contra a Muller.
- Día Internacional dos Dereitos Humanos.
- Notas de prensa de condena dos asasinatos por violencia de xénero. .
- Comunicado polo vixésimo aniversario da Lei Integral contra a Violencia de Xénero.



5. Outra información

Sede electrónica

A sede electrónica do COPG, a nosa Administración en liña cada vez ten máis uso. Unha sede con todas as garantías legais que permite realizar unha cantidade importante de trámites sen ter que desprazarse ao Colexio: altas, baixas, participación en procedementos, solicitudes, inscrición en actividades etc.

Tamén continuamos emitindo certificados dixitais con atribución profesional de psicólogo/a.

Estado da colexiación

A día de hoxe somos 3.862 colexiados e colexiadas (149 máis que o ano anterior), aos que engadimos 4 asociados e asociadas e 77 xubilados e xubiladas.

Circular Informativa

Co obxectivo de mellorar a comunicación tanto cos nosos colexiados e colexiadas como coa sociedade, a Circular Informativa é unha publicación dixital 100%, moito máis dinámica e áxil, e mensualmente envíase un boletín por correo electrónico.

Lema

O lema aprobado en Xunta de Goberno para 2025 é “45 anos impulsando a psicoloxía galega”. A nosa traxectoria de 45 anos é froito do compromiso dos psicólogos e psicólogas galegas coa profesión e que 4.000 colexiados e colexiadas estades a defender día a día na sociedade. Este é, sen dúbida, un motivo para significar o **papel fundamental que desempeñamos na sociedade**, que cada vez ten maior recoñecemento, á vez que é un recordatorio da responsabilidade que temos na nosa práctica profesional.